
Ola! Comezamos!

— **Experiencia I.** Máquina que
transforma a enerxía —

Pon en marcha o aparello

- Mira como funciona.
- Redacta unhas instrucións de manexo para alumnado de primaria.
- Contempla que os temas de seguridade están cubertos.

(Non pases páxina ata que o teñas todo listo).

Pensa nunha situación de diversidade

- Na túa aula tes algún alumno co síndrome de “Asperger” (unha das situacións de aula máis comúns).
- Averigua qué características básicas ten esta situación.
- Por que o tema de “*Materia e enerxía*” lle vai ser previsiblemente difícil? (Fai unha síntese).
- Deseña “algo” no que este trebello nos pode apoiar con este rapaz.

(Non pases páxina ata que o teñas todo listo).

Cóntoche unha das múltiples opcións

- Ideas a traballar con esta actividade:
 - Co alumno:
 - Dificultade de comprensión de conceptos abstractos.
 - Dificultade para se expresar en público.
 - Baixa autoestima.
 - Co resto do grupo:
 - Incomprensión na convivencia dos seus compañeiros pola súa "*rareza*".
 - Empeño do entorno no "*non vai ser capaz de...*"
- Método:
 - 1 ou 2 semanas antes a introducir o tema, entrevista cos pais:
 - Presentarlles a máquina e como visualizar as transformacións da enerxía.
 - Deixar que o rapaz na casa probe e comprobe xunto coas explicacións.
 - Que prepare unha exposición oral do aprendido de 10' Introducir o tema.

Outras alternativas?

- Un traballo por equipos pedíndolles que redacten primeiro como se transforma a enerxía e despois que deseñen unha maqueta alternativa na área de plástica?
- Ir máis lonxe coa explicación de enerxía potencial e enerxía cinética?
- Que faga a mesma exposición oral a outros grupos de clase?

Ola! Comezamos!

— **Experiencia II. Microscopio USB** —

Pon en marcha o aparello

- Mira como funciona.
- Redacta unhas instrucións de manexo para o teu alumnado.
- Que teña en conta as incidencias menores (iluminación, gravación...)
- Contempla que os temas de seguridade están cubertos.
- Experimenta...

(Non pases páxina ata que o teñas todo listo).

Nada é o que parece (I)

- Aquí queremos resaltar un valor: **nada é o que parece...** temos tendencia natural a facer suposicións e a darlles máis credibilidade que á realidade.
- Que cousas de primeira aproximación lles proporías ver?

(Non pases páxina ata que o teñas todo listo).

Nada é o que parece (II)

- Roupas, especialmente comparar tecidos naturais e sintéticos.
- Se algún alumno está “suando” podemos ver como “brota” o suor da pel.
- Pequenas feridas e unllas (non están tan limpas como parece...).
- Partes de insectos (coidado coas sensacións de asco dos rapaces).
- Convídaos a que fagan gravacións completas, que inclúan edición...

Fai as túas propias anotacións e non pases desta páxina ata que remates.

De que cor son as canas?

- Non te deixes levar pola primeira tentación da falsa evidencia.
- Comeza por deixar nos teus apuntes unha suposición de cal podería ser o resultado coa maior obxectividade que podas.

Non pases de páxina ata que o teñas anotado.

De que cor son as canas?

- Non te deixes levar pola primeira tentación da falsa evidencia.
- Un consello: o pelo máis groso está nas barbas dos homes.
- Rexistra, garda en formato JPG, retoca iluminación e contraste.

Impresionante!

- Non pares na anécdota: reflexiona cos rapaces sobre as aparencias.
- Leva a reflexión sobre o comportamento humano e as moitas “etiquetas” que temos coas persoas con diversidade funcional.

Outras alternativas?

- Pide ao teu alumnado que llo deben contar a un compañeiro cego de nacemento (escrito, oral, carta, redacción...).
- Que non vaian ao cómodo: se din “transparente” terán que explicar que é iso. Se din outras cores, tamén. Podes concluír co video de Youtube “Los colores de las flores” e reflexionar como os “límites” están máis nas nosas cabezas que na realidade.
- ¿Sabías que cando publicamos cousas no blog do cole, tamén poñemos imaxes e vídeos sen colocar as descricións necesarias a pé de imaxe? Sabías que estamos obrigados a facelo por lei dende fai anos?

Ola! Comezamos!

— **Experiencia III. Pintura a cegas** —

Pon en marcha o teu maxín.

- Isto vai de tecnoloxía dixital pero non como ti pensas.
- Ponte en situación: agora farás de alumno cego de nacemento.
- Pídenche en plástica pintar un cadro con pintura de dedos.
- **Atrévete?**
- Comeza por anotar que estratexias usarías para saír con éxito.

(Non pases páxina ata que o teñas todo listo).

Ímoste axudar...

- Se misturamos as cores con perfumes...
- Pero non te apoies só no aroma, chegará un momento no que todo se confunda, aproveita para ir memorizando a colocación e asegúrate de que se cambias algo do seu sitio, logo retorne ao mesmo.
- Se estades en pequeno grupo, elixide quen se venda os ollos.
- Antes de comezar pensa nun motivo de debuxo que sexa sinxelo e con poucos detalles (mellor así a primeira vez).

(Non pases páxina ata que remates a experiencia).

Outras alternativas?

- Entregarlles pequenos obxectos como esponxas, mondadentes, cepillos de dentes, e que fagan estampacións durante o traballo.
- Avisarlles de que ao longo do traballo van a escoitar sons estranos que despois da experiencia deberán contar e explicar a súa orixe. (cámara de fotos, son agudo das deportivas contra o chan, xiz do encerado caéndose, ventá que se abre ou pecha...
- Continuar con ¿Como axudarías a unha persoa cega a camiñar por un camiño estreito? ¿Debemos cambiar algo da nosa aula para acollelo? ¿Debo dicirlle algo ou axudalo se estamos comendo xuntos uns pratos combinados na cafetería do centro?